

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 25 DE FEBREIRO DE 2009**

### **LICENZAS**

#### **FAVORABLES.-**

**Lic/2227/2007.- María del Pilar Moure Mariñas.**- Legalización das modificacións executadas na obra de reconstrucción da vivenda unifamiliar levada a cabo no Barrio de Guadalupe nº 61.

**Lic/940/2008.- Proyectos e Inmuebles de Galicia, S. L.**- Edificio para 32 vivendas de VPA con garaxe e trasteiros no Bloque BB4 do SUNP-11 do Castiñeiriño.

**Lic/939/2008.- Proyectos e Inmuebles de Galicia, S. L.**- Edificio para 31 vivendas de VPA con garaxe e trasteiros no Bloque BB3 do SUNP-11 do Castiñeiriño.

#### **DENEGADAS.-**

**Lic/1840/2008.- Guillermo Suárez Calvelo.**- Legalización de vivenda unifamiliar illada e derribo de parte da edificación auxiliar en Rúa Combarro (do), 52.

#### **PARCELACIONES.-**

**Lic/2396/2008.- Manuel Mejuto Piñeiro.**- Parcelación urbanística dunha parcela sita no lugar de Gamás nº 13 – Marrozos. (+)

**Lic/1938/2008.- José Sismonde González.**- parcelación urbanística da parcela 665 do Plano Xeral de Concentración Parcelaria de Busto – Berdía (+)

#### **SUBSANACION DE ERRO NO ACORDO DA X.G.L. DE DATA 21 DE OUTUBRO DE 2.008.-**

**Lic/1555/2008.- José Calviño Cutrín.**- Parcelación urbanística da parcela sita no nº 26, 27 da Ribeira de San Lourenzo.

#### **DEVOLUCIONES DE FIANZAS.-**

**190/09.- Hermanos Lago Ríos SL..... Expte. Lic/2358/2006.. .... 78.731,8 €**

#### **5.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa á aprobación do abono de becas de comedor escolar para o curso 2008-2009.**

Apróbase o abono ás ANPAS e/ou entidades xestoras do comedor (12 en total) as bolsas concedidas para o curso escolar 2008/2009 por un importe total de 3.656,31 euros.

#### **7.- Prórroga do servizo de atención domiciliaria da infancia.**

Prorrogase por un prazo de 6 meses o contrato de servizo de atención domiciliaria da infancia subscrito coa empresa CLECE e revisase o prezo de adxudicación que queda fixado en 84.976,63 euros.

#### **8.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á regularización no Registro da Propiedade dos predios afectados no Convenio Urbanístico para a obtención da zona verde V-31 do Plan especial da cidade histórica (PE-1).**

Tómase coñecemento da regularización no Registro da Propiedade da situación de dous predios.

#### **9.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel relativa á solicitude de deixar sen efecto o acordo da sesión de 12 de novembro de 2005, polo que se solicitaba a BANTEGAL a cesión da masa común número 444 de Nemenzo-Marantes.**

Déixase sen efecto a devandita solicitude.

#### **10.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel relativa á solicitude de cesión a favor do Concello de Santiago de Compostela da masa común número 337 da concentración parcelaria de Nemenzo-Marantes para o seu saneamento, acondicionamento e posta en valor como carballeira.**

Solicítase ao BANTEGAL a parcela 337 do polígono 515 para o seu mantemento como carballeira e proceder ao saneamento, acondicionamento e posta en valor.

**11.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á ampliación da plataforma de estacionamento de aeronaves zona sur. Aeroporto de Santiago (DIA 277/07).**

Tómanse en coñecemento as obras.

**12.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á adecuación do campo de voos do Aeroporto (DIA 827/06).**

Tómanse en coñecemento as obras.

**13.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á ratificación do Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o Consello Galego de Cámaras para a implantación na cidade de Santiago da súa sede.**

Ratifícase o convenio.

**14.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación definitiva do proxecto de urbanización do solo urbanizable programado número 1 (SUP-1) de Romero Donallo.**

Apróbase definitivamente o proxecto.

**15.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial do Estudio de detalle na confluencia da rúa do Lindeiro - Rúa das Pozas. Meixonfrío.**

Apróbase inicialmente o estudio de detalle na confluencia da rúa do Lindeiro-rúa das Pozas (Meixonfrío).

**16.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á aprobación das actividades do centro sociocultural de Marrozos.**

Acórdase a contratación do servizo de dinamización da aula de informática do Centro Sociocultural de Marrozos á empresa RESET polo período comprendido entre o 2 de marzo e o 2 de xuño de 2009 por un importe de 6.600 euros (máis IVE)

**17.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica dando conta do acordo da comisión bilateral de 04/12/08, da Consellería de Vivenda e do Ministerio de Vivenda, sobre a redistribución e desglose das anualidades dos convenios de rehabilitación.**

Apróbase a redistribución das anualidades.

**18.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á modificación do punto 40 da sesión de 22/07/08.**

Apróbase a modificación relativa á táboa de gastos da fase de desenvolvemento do proxecto europeo Suite, polo que se traspasan 3000 euros da anualidade 2009 para a anualidade 2008.

**19.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa ao programa de educación afectivo -sexual "Sexibilízate".**

Apróbase un orzamento de 6.860 euros para completar a financiación do devandito programa, subvencionado pola Deputación da Coruña.

**20.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa ao "Curso de animación sociocultural".**

Apróbase un orzamento de 1.000 euros.

**21.- Proposta do concelleiro delegado de Mocidade relativa á aprobación de actividades formativas do CSC e xuvenil do Ensanche.**

Apróbanse as actividades e un orzamento de 14.022,19 euros.

**22.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa ao taxi accesible.**  
Apróbase a proposta.

**23 a 62.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa á concesión de exencións nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e por servizo de recollida e tratamento de resíduos sólidos urbanos , no imposto sobre bens inmobilés, na auga, saneamento e lixo, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.**  
Concédense os devanditos beneficios.

**63.- Dar conta da concesión ao Concello dunha subvención para o acondicionamento e posta en valor de carballeiras e espazos públicos.**  
Dáse conta dunha subvención por importe de 79.485,48 euros da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

#### URXENCIAS

1.- Tómase en coñecemento a aprobación da candidatura do Concello de Santiago como Xefe de Fila da segunda fase do proxecto europeo "SUITE" pertencente ao programa comunitario URBACT II, financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

2.-Apróbase a clasificación de diferentes axudas socias para o ano 2009, por unha cantidade total de 106.000 euros.

3.- Acórdase solicitar á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar unha subvención de 10.000 euros para financiar as actividades do programa "Traballo en rede coas entidades de iniciativa social". Apróbase tamén a realización da actividade Xornada de Formación "Redes de Iniciativa Social", cun orzamento de 2.500 euros.

4.- Apróbanse varios proxectos a incluír nun convenio de colaboración coa Consellería de Medio Ambiente para obras de infraestruturas hidráulicas en parroquias do Concello de Santiago, e apróbase o borrador do convenio. Os proxectos incluídos son:

- Saneamento e bombeo de augas residuais en Rochiña (Son de Abaixo). Orzamento: 169.301,40 euros.
- Saneamento e bombeo de augas residuais no lugar de Sarela de Abaixo. Orzamento: 344.310,16 euros.
- Saneamento e bombeo de augas residuais no Carballal. Orzamento: 206.214,28 euros.
- Ampliación e saneamento de augas residuais en Pardaces e Aradas. Orzamento: 443.240,40 euros.
- Saneamento de augas residuais en Lavacolla. Orzamento. 336.541,52 euros.

5.- Acórdase solicitar as axudas oportunas polos danos causados polo temporal a partir do 23 de xaneiro, ás distintas Consellerías da Xunta, segundo as súas competencias, para as obras que a Xunta de Goberno do 27 de xaneiro acordou acometer con carácter urgente.

6.- Aprobación de proxectos do Fondo de Inversión Local

- Aprobación do proxecto e prego de cláusulas administrativas así como do inicio do expediente de contratación das **obras de reurbanización da rúa Laverde Ruíz** por procedemento aberto e trámite de urgencia e un tipo de licitación de 267.504,13 euros + IVE.
- Aprobación do proxecto e prego de cláusulas administrativas así como do inicio do expediente de contratación das **obras de reurbanización da rúa Curros Enríquez** por procedemento aberto e trámite de urgencia e un tipo de licitación de 731.832,72 +IVE.

- Aprobación do proxecto e prego de cláusulas administrativas así como do inicio do expediente de contratación das **obras de reurbanización dun tramo da avenida de Vilagaría-García Prieto-Sánchez Freire** por procedemento aberto e trámite de urxencia e un tipo de licitación de 1.293.103,44 +IVE.
- Aprobación do proxecto e prego de cláusulas administrativas así como do inicio do expediente de contratación **das obras de reforma e ampliación do centro sociocultural de Laraño** por procedemento aberto e trámite de urxencia e un tipo de licitación de 344.827,49 +IVE.
- Aprobación do proxecto e prego de cláusulas administrativas así como do inicio do expediente de contratación **das obras de reurbanización da rúa Xeneral Pardiñas (tramo Montero Ríos-Carreira do Conde)** por procedemento aberto e trámite de urxencia e un tipo de licitación de 603.448,28+IVE.
- Aprobación do proxecto e prego de cláusulas administrativas así como do inicio do expediente de contratación das **obras de acondicionamento de parcela recreativa en Vidán** por procedemento negociado sen publicidade e trámite de urxencia e un tipo de licitación de 86153,68 +IVE.
- Aprobación do proxecto e prego de cláusulas administrativas así como do inicio do expediente de contratación das **obras de remodelación da zona norte do Parque de Salgueiriños** por procedemento negociado sen publicidade e trámite de urxencia e un tipo de licitación de 185.675,28 +IVE.
- Aprobación do proxecto e prego de cláusulas administrativas así como do inicio do expediente de contratación das **obras de ampliación do abastecemento en Barciela** por procedemento negociado sen publicidade e trámite de urxencia e un tipo de licitación de 102.335,48 +IVE.
- Aprobación do proxecto e prego de cláusulas administrativas así como do inicio do expediente de contratación das **obras de reurbanización da rúa Neira de Mosquera** por procedemento aberto e trámite de urxencia e un tipo de licitación de 237.832,21 +IVE.
- Aprobación do proxecto e prego de cláusulas administrativas así como do inicio do expediente de contratación das **obras de reurbanización da Santiago de Guayaquil** por procedemento aberto e trámite de urxencia e un tipo de licitación de 241.491,46 +IVE.
- Aprobación do proxecto e prego de cláusulas administrativas así como do inicio do expediente de contratación das **obras de reurbanización da rúa Gómez Ulla** por procedemento aberto e trámite de urxencia e un tipo de licitación de 362.237,19 +IVE.
- Aprobación do proxecto e prego de cláusulas administrativas así como do inicio do expediente de contratación das **obras de reurbanización da rúa Pérez Constanti** por procedemento aberto e trámite de urxencia e un tipo de licitación de 307.353,20 +IVE.
- Aprobación do proxecto e prego de cláusulas administrativas así como do inicio do expediente de contratación das **obras de creación da área de xogos infantís no Parque de San Lázaro** por procedemento negociado sen publicidade e trámite de urxencia e un tipo de licitación de 88.864,50 +IVE.
- Aprobación do proxecto e prego de cláusulas administrativas así como do inicio do expediente de contratación das **obras de reurbanización da rúa Londres** por procedemento aberto e trámite de urxencia e un tipo de licitación de 2.155.172,11 +IVE.